

Even-Zobar, Itamar 2002.

Solucións anticuadas e a industria de ideas

Anuario de estudios literarios galegos (2002): 39-53

Solucións anticuadas e a industria de ideas

Itamar Even-Zobar

*Á memoria de Xoán González-Millán
(1951-2002)*

Mentres que a industria de ideas é indispensable para que calquera comunidade acade un nivel de subsistencia máis aló da supervivencia, as iniciativas relacionadas coa creación de culturas distintivas separadas poden finalmente danar este obxectivo cando a industria funciona inadecuadamente. Este perigo é algo inherente á propia natureza da iniciativa, xa que a redistribución e a aplicación de cambios de repertorio é algo máis complexo que substituír a maquinaria e os procedementos de produción (o cal tampouco é pouca cousa). Este relatorio sinala varios parámetros de funcionamento inadecuado nesta industria vital.

Hai case 10 anos, creo que o 4 de setembro de 1994, presentei o meu relatorio sobre planificación cultural no seminario "Literatura galega: ¿Literatura nacional ou subalterna?" organizado en Mondoñedo. O moderador da miña intervención era Xoán González-Millán e desde logo que inmediatamente pensei naquela sesión cando me invitaron a vir aquí e falar neste día conmemorativo. Naquel estado da miña investigación sobre a planificación cultural e as implicacións dos esforzos de promoción para mobilizar actividades colectivas non puiden evitar tirar o que eu pensaba que eran conclusións ineludibles non sobre o éxito de tales esforzos senón máis ben sobre as trampas e problemas que supoñen. Desde o punto de vista dun defensor do galego, como era Xoán, algúns matices das miñas conclusións non gozaban, comprensiblemente, do seu acordo. Posteriormente o texto foi traducido ao galego e publicado por outro bo amigo, cuxo pasamento lamento fondamente, Carlos Casares. Pensei que por moito que tales galeguistas devotos non estivesen de acordo con esas conclusións, nunca temeron o reto de entraren en discusións sobre elas, discusións de natureza apaixonada, que era tan típica de Xoán, ou distendida e humorística, que era tan típica de Carlos. Este texto é un intento de ampliar as miñas conclusións de 1994 en relación á investigación posterior. Imaxineino como unha conversa dirixida a Xoán e a Carlos, os que moito boto en falta.

O meu traballo sobre a “planificación cultural” iniciado nos últimos anos dos setenta¹ foi de feito un intento de analizar iniciativas tomadas por diversas comunidades para establecérense elas mesmas como capaces de competencia nun nivel intercomunitario. Nesas comunidades os creadores das ideas e os empresarios culturais chegan evidentemente á conclusión de que os intereses da comunidade á que pertencen —ou aquela que sería creada mediante os seus esforzos— estarían mellor servidos creando ou consolidando un repertorio doméstico distintivo. Esta visión compartida pola maioría de tales participantes en moitas destas comunidades foi a de que tal esforzo lle permitiría á comunidade un mellor nivel de vida mediante un tipo bicéfalo de estratexia, por unha banda, reivindicando autoxestión política, permitindo así aos membros da comunidade fixada como obxectivo un acceso libre, como parece, a recursos; por outra banda, mediante a explotación de recursos domésticos, liberando, como así foi, os membros da comunidade da difícil tarefa de competiren por recursos non domésticos. Tanto o repertorio doméstico como a autoxestión percibíronse como elementos que permiten un acceso máis doado a eses ingredientes tanto do repertorio cultural como do organizativo, necesarios para un mellor manexo das tarefas da vida.

A idea de que a autoxestión política debe ser unha mellora converteuse axiña nun tópico universal, apenas rebatido por ninguén e ao que aínda se aspira universalmente. Os casos nos que unha comunidade, especialmente unha que vive nun territorio ben definido, non reivindicou a autoxestión para si mesma parecen ser pouco usuais na historia moderna. Polo que sei, despois da Segunda Guerra Mundial, só hai un caso, o de Terranova (na actualidade en Canadá), onde nun referéndum celebrado en decembro de 1948 unha pequena maioría decidiu renunciar á opción dun Estado independente e en lugar diso ingresou na Confederación Canadiense. En contraste, a abrumadora maioría de comunidades en todo o globo, alomenos máis dun cento desde 1945, decantáronse, cando tiveron a oportunidade, case sen dubidaren, a favor do principio da autoxestión.

A idea de utilizar recursos domésticos para construír ou “preservar” a cultura local separada converteuse, do mesmo xeito, nun dogma universalmente aceptado. A necesidade de moitos grupos de utilizaren unha cultura que non é “a súa” concíbese como un obstáculo significativo de cara á habilidade dos individuos para acadaren éxito nun nivel competitivo con outros individuos para os que esa cultura era máis accesible. En case todas as iniciativas desde finais do século XVIII, a creación de culturas por comunidades cuxas “culturas” non quedaron codificadas institucionalmente, presentouse como a pista para un mellor manexo das tarefas da vida para a inmensa maioría da xente. Investiuse moito esforzo na elaboración e reelaboración de culturas que, como consecuencia, chegaron a estar con frecuencia tan afastadas dos individuos nativos aludidos como obxectivo como as culturas que ían ser substituídas. Hoxe en día converteuse xa nun dogma o feito de que unha persoa á que non se lle permite, dunha ou doutra maneira, a utilización da súa cultura doméstica en todas as circunstancias fica nunha posición menos privilexiada e é discriminada polo que comunmente se chama a “cultura dominante”.

En todos os casos onde a industria de ideas aportou ás comunidades medios de distinción, con frecuencia o dilema estribaba en saber ata onde chegar. No nivel das aspiracións políticas, sempre houbo —como en calquera iniciativa— moderados e extremistas. Os extremistas sempre estiveron interesados nunha solución radical, isto é, o establecemento dunha entidade completamente separada, como un estado catalán ou escocés separados. Os moderados, pola outra banda, sempre preferiron

o que moitos estudantes de ciencias políticas etiquetaron como “o achegamento pragmático”. En diversas comunidades o entusiasmo dos fanáticos foi esmagado por xente máis inclinada ao “pragmatismo”. No referéndum de 1994 levado a cabo en Quebec só 50.000 votos impediron que a provincia se transformase nun estado independente. No caso de Eslovaquia sostívose que a separación da confederación checoslovaca, en relación á cal xa hai indicios de arrepentimento, non fora decidida cun procedemento de votación regular. Nas Illas Faroe, onde moitos activistas estiveron promocionando a idea da independencia ata hai pouco tempo, parece, hoxe en día, que a maioría está tomando unha vía máis moderada, que lles permitiría ter autogoberno sen separarse de Dinamarca. En Cataluña, Galicia e o País Vasco só pequenos grupos pensan na separación. Estes pequenos grupos son, de feito, moi estridentes no País Vasco, pero parece non ter mobilizado a xente en xeral.

O alcance da distinción mediante a fabricación e/ou a institucionalización dunha cultura, por outra banda, é moitísimo máis complexo. Non estamos tratando aquí dunha elección entre unha cousa ou outra. Nos momentos máis acendidos da fabricación dun novo repertorio para unha comunidade, é obvio que a política adoptada tanto polos inventadores como polos empresarios tende a ir máis aló. Non obstante, incluso nos casos máis radicais ou extremos onde os que detentan o poder, normalmente axudados por intelectuais, intentaron illar a cultura local do resto do mundo (ou alomenos dos veciños máis importantes) tanto como fora posible, a iniciativa na súa totalidade non podía durar moito. Por outra banda, certos elementos específicos, onde a separación puido ser realizada, leváronse a cabo algunhas veces con grande éxito.

O factor máis salientable no repertorio de moitos destes casos foi unha lingua ligada á iniciativa cultural e política. Os creadores e estandarizadores da lingua, especialmente aqueles que tiveron que crear linguas distinguíndoas doutras similares (como o noruegués, o galego ou o urdu) adoptaron, as máis das veces, moitas medidas enxeñosas no eido lingüístico para facer as súas creacións tan diferenciadas e diferentes como fose posible. Deste xeito distánciase a miúdo o produto regulado e estandarizado (ou “normalizado”) do recurso doméstico sobre o que foi baseado nun principio. Na Noruega do século XIX, “a lingua do país” (Landsmål), concibida por Ivar Aasen, tivo desde un principio moitos ingredientes que nada tiñan que ver coa lingua en base á cal supostamente se compuxera (a maioría dos “dialectos” en Noruega Occidental). No Estado moderno de Noruega, onde esta lingua (en varias versións modificadas) se chama oficialmente “novo noruegués” (Nynorsk), se atopa un falante nativo desta máis auténtica lingua indíxena que ía apenas substituír a lingua da allea Dinamarca colonial. De feito, o mesmo se pode aplicar a outras linguas diversas, aínda que noutros moitos casos unha inculcación exitosa foi capaz de introducir as novas creacións no uso común real. En Francia, Suecia ou Italia, as variantes non faladas das respectivas linguas literarias introducidas polos empresarios culturais do século XIX case chegaron a ser unha realidade cotiá. Noutras culturas, como Islandia, o principio da distinción extrema, incluso sen ser unha característica omnipresente da lingua vernácula doméstica a finais do século XIX, foi aplicado con éxito.

Sen embargo, no mundo dos séculos XIX e XX cada vez máis competitivo, o principio de manter culturas moi separadas e diferenciadas estase volvendo cada vez máis problemático. Isto non quere dicir que non fose o caso xa no momento en que se iniciou a creación destas culturas separadas nun principio. Ora ben, aplicar este principio foi probablemente a única alternativa viable para os implica-

dos na iniciativa de crear culturas. Noutras palabras, pode que non fose práctico desde o punto de vista práctico pero, de certo, pode que fose indispensable para gañar o capital simbólico necesario que permitiría á comunidade que se fixase como obxectivo acadar as metas que estaba procurando. Nalgunhas comunidades, a consciencia destes intereses contraditorios podería talvez ter levado a un esforzo menos enérxico por aplicar na realidade cotiá eses elementos recoñecidos como indispensables para gañar un capital simbólico. En Irlanda, a pesar da Lei da Lingua máis recente, aprobada o 14 de xullo de 2003: “o estado sacou o irlandés do centro da escena [...] o irlandés xa non se necesita para acceder ao funcionariado con excepción do Ministerio de Asuntos Exteriores”, segundo Tadhg Ó hÍfeárnáin (Ó hÍfeárnáin 2000: 98-9). En Escocia, que goza agora dun autorregulamento establecido recentemente, os intentos de revitalizar “un escocés moderno sintético” (probablemente seguindo o exemplo do Landsmål de Ivar Aasen) desapareceron case por completo xa cara a finais dos cincuenta, substituídos, evidentemente, polo feito de asignarlle ao acento local do inglés estándar un status máis respectado. En todo o mundo, desde Nova Zelanda ata a África negra, hai centos de elementos simbólicos que permaneceron como tales, desembocando con frecuencia na forma de “folclore”, isto é, postos en práctica só en festas específicas e outras ocasións especiais.

Non se pode responder, sen o contexto histórico necesario, á cuestión sobre ata ónde un ten que ir intentando crear un repertorio cultural diferenciado para modificar as condicións de vida dunha comunidade. E aquí está a raíz da dificultade inherente a tales intentos. Probablemente no momento en que un repertorio diferenciador e diferenciado é absolutamente indispensable para acadar os obxectivos establecidos para a comunidade, xa está empezando a deixar de dar os resultados para os que se concibiu. Durante décadas e décadas, as comunidades arredor do globo estiveron competindo sobre cal delas creaba os produtos e outros elementos do repertorio máis diferenciados, “orixinais” e simbólicos que lles permitisen xustificarse, dunha ou outra forma, o seu modo de existencia separado. Incluso a tecnoloxía non se salvou de toda esta carreira, con tales elementos como as técnicas de retransmisión televisiva, completamente diferentes entre, poñamos por caso, Francia e o resto de Europa, as diferentes medidas entre a maioría do mundo e os Estados Unidos de América e moitos outros vestixios teimosos de estándares de miras estreitas (como os enchufes eléctricos e o teléfono). No curso do século XX a xente estivo intentando crear, fomentar e reforzar por todas partes tipos diferenciados de arquitectura, comida, música, pintura e calquera outro elemento imaxinable (como, por exemplo, a tatuaxe maori *ta moko*; Pritchard 2000). Un pode preguntarse: ¿era realmente necesario crear, para poñer un exemplo entre outros moitos, “unha arquitectura islandesa diferenciada”? A resposta pode ser: probablemente non menos que a necesidade de gardar e manter unha lingua islandesa diferenciada desde o punto de vista do grupo de xente interesada en manter unha comunidade islandesa exitosa. Non obstante, os esforzos cara a ese final moderáronse agora, se non se pararon de todo. Parece como se se expuxese a cuestión e agora a xente xa non a necesita, pois todo o que se crea na arquitectura islandesa é por definición diferenciadamente islandés, incluso cando comparte moitas características con outras instancias da arquitectura ao redor do globo.

¿De que estou a falar realmente? A cuestión que estou intentando presentar aquí ten que ver coa capacidade ou incapacidade da industria de ideas de actuar de forma flexible cando as condicións orixinais que deron lugar a unha determina-

da iniciativa cambian finalmente dun xeito que pon en dúbida a utilidade de manter esa iniciativa funcionando sen ningún cambio. En termos concretos isto pode significar tanto modificar os compoñentes da iniciativa como reemprazala completamente por outra diferente. A pesar do feito de que as ideas, a diferenza da maquinaria e dos materiais, son baratas e móbiles, isto é algo que poucos individuos, sen mencionar as comunidades, son capaces de facer. Como a industria de ideas se ten que mover dentro dunha cultura e a cultura consiste nun repertorio complexo de opcións herdadas de xeracións anteriores e inculcadas coidadosamente nas mentes dos seres humanos, introducir xiros significativos nese repertorio nun período de tempo relativamente curto non é unha tarefa doada. Ademais, as culturas non están necesariamente orientadas a un obxectivo, e a capacidade dos membros dunha cultura de sentiren o perigo de que a comunidade acepte esa cultura ata o punto de que pedise a berros reposicións, non sempre está presente, por non dicir outra cousa peor. A industria de ideas, en tanto en canto que existe nunha determinada comunidade, pode, sen embargo —con non pouca frecuencia— funcionar inadecuadamente no curso da súa historia como provedora de posibles solucións para situacións difíciles ou esixentes. As repercusións de tales situacións poden causar moito dano, a menos que unha masa de vontades e actos equilibrados da “xente normal” se poña en movemento, algo que, simplemente, non ocorre a miúdo. Se ben é moi difícil determinar se a orixe da “opinión pública” é a interpretación popular da industria de ideas ou as ideas producidas “desde abaixo”, estudos mediáticos amosaron moi convincentemente que é a industria de ideas a que tende a ser a orixe (Bourdieu 1983 [1972]). Isto pode explicar por qué o funcionamento defectuoso entre ese grupo social pode, decote, ser máis significativo que o que pode ser considerado como un fracaso xeral da “poboación en conxunto”.

As circunstancias baixo as que a industria de ideas funciona defectuosamente foron, probablemente, aínda menos estudadas que as circunstancias baixo as que esa industria acadada éxito. Por isto é moi pouco o que eu podo ofrecer en base á literatura. O que son capaz de presentar é, porén, unha descrición esquemática de dúas instancias de funcionamento defectuoso que puiden observar nos casos que estudei:

1. Os creadores de ideas e os empresarios culturais non se poden liberar da iniciativa específica que xeraron.
2. A *intelligentsia* da segunda xeración é normalmente capaz de perpetuar —mais que calquera outro asunto— iniciativas herdadas.

1. OS CREADORES DE IDEAS E OS EMPRESARIOS CULTURAI NON SE PODEN LIBERAR DA INICIATIVA ESPECÍFICA QUE XERARON

Este tipo de funcionamento defectuoso é moi característico de grandes iniciativas culturais que teñen lugar en tempos de desorde sociocultural involucrando movementos nacionais, grupos revolucionarios e con frecuencia xerando cambios políticos. En moitos destes casos, o obxectivo oríentase con frecuencia cara á creación dunha entidade sociopolítica separada, apuntando todos os esforzos cara á consecución desta meta. En tales casos, unha vez que o obxectivo foi alcanzado, os membros da industria de ideas, que alomenos inicialmente non tiñan acceso ao poder, posteriormente ou ben se achegan ao poder ou se imbúen eles mesmos do poder. Como resultado disto adoito deixan de ser creadores de ideas ou empresarios

no sentido en que o eran en estadios anteriores, téndose convertido en membros da clase dirixente da nova entidade.

Este tipo de funcionamento defectuoso ten que ver simplemente co feito de que a xente que se involucrou, decote durante moitos anos, en actividades que habitualmente traen consigo pelexas e conflitos probablemente non son capaces no momento do éxito —ou incluso en calquera outro momento posterior— de revisar as súas ideas ou as súas iniciativas, intentando confrontalas coas realidades gañadas. Os exemplos nos que podemos pensar son algunhas das revolucións máis notables como a francesa, a rusa, a chinesa ou calquera dos casos radicais de cambio político e sociocultural como o da unificación de Italia e Alemaña no século XIX, a creación do Estado turco moderno despois da I Guerra Mundial ou a creación das entidades semiautónomas españolas, como Cataluña, Galicia e o País Vasco. En todos estes casos, o ingrediente da industria de ideas foi moi importante e moi activo. Malia que nos libros de historia, así como nas análises ofrecidas polas ciencias políticas, a este ingrediente case nunca se lle outorga a atención que merece, é obvio que na esmagadora maioría destes casos os creadores de ideas e os empresarios culturais ou tomaron o liderado ou puxeron os seus produtos a disposición daqueles que tomaron o liderado, tipicamente detentadores do poder que se facían coa oportunidade de usalos.

A cantidade de suxestións que tiñan que ser elaboradas, a cantidade de invención e a enerxía investida en intentos dirixidos á aplicación foran bastante considerables en todos estes casos. Moitos repertorios tiveron que ser introducidos ou ben para reempregar os vellos ou para funcionar onde antes non había ningún. Aínda que na maioría destes casos o número real de individuos sumamente preocupados polas actividades pertinentes nunca foi moi elevado, eran os únicos dos que as sociedades dispoñían para esta tarefa, polo menos durante un tempo. Non obstante, os que non se sentiron decepcionados de forma inmediata ou con frecuencia traizoados investían normalmente a maior parte das súas enerxías en axudaren á aplicación que iniciaran nun principio.

Por exemplo, aqueles que estaban a suxerir a introdución dunha nova lingua para a comunidade correspondente —en Alemaña, Italia, Cataluña, Galicia, a Palestina xudea ou Turquía— como un ingrediente pertinente no conxunto de solucións proposto, decote estaban involucrados activamente en aplicar esta suxestión no período posterior ao do seu éxito. En todas as novas entidades os empresarios culturais correspondentes continuaban as súas actividades dando máis pasos cara á aplicación e consolidando a introdución das linguas pertinentes. Frecuentemente, a nova entidade dáballes naturalmente autoridade, brindándolles novas posibilidades e outras condicións para aplicar as súas suxestións. O Estado italiano propuxo o escritor Manzoni para presidir un comité, que tiña a tarefa de decidir qué tipo de lingua sería adoptada polo Estado e inculcada mediante o seu novo sistema educativo. Na Turquía posterior á I Guerra Mundial, o novo líder, que definitivamente era el mesmo un empresario cultural, por non dicir un creador de ideas, Mustafa Kemal (posteriormente de forma oficial co título de nobreza “Ata Türk [Pai Turco]”) investiu moita enerxía en propagar persoalmente, viaxando en tren dunha vila á outra, a lingua novamente creada xunto con outros moitos ingredientes do novo repertorio que tiña interese en introducir (Lewis 1968, Landau 1984).

Pódense ofrecer exemplos paralelos para moitos outros elementos, quizais menos chamativos, dos novos repertorios. Cada un destes elementos tiña normal-

mente os seus propios partidarios e defensores, que, por suposto, preferían sacar proveito do éxito que desenvolver mentes críticas no que se refire a se a iniciativa era útil ou non desde o punto de vista do obxectivo máis xeral da mellora da vida para a comunidade correspondente. En termos sociolóxicos, un podería dicir que preferían converter as súas accións frecuentemente sen beneficios antes da etapa exitosa en capital cultural beneficioso máis que pasar de novo polos mesmos movementos.

2. A INTELIGENTSIA DA SEGUNDA XERACIÓN É NORMALMENTE CAPAZ DE PERPETUAR —MÁIS QUE CALQUERA OUTRO ASUNTO— INICIATIVAS HERDADAS

Os herdeiros da iniciativa, *intelócratas* normalmente (Hamon, Hervé & Rotman 1981) ou intelightsia institucionalizada, xa non están con frecuencia atentos —nin sequera conscientes— ás circunstancias orixinais que causaron a iniciativa. De feito, están máis interesados en manter o repertorio institucionalizado establecido como está, protexéndoo de revisións e substitucións. Esta xente con frecuencia xorde logo dalgunha etapa finalizada no curso dalgunha iniciativa principiada, apoiada ou reforzada pola industria de ideas. Ou ben substitúen os empresarios culturais que empezan arrumbando a un lado ou eliminándoos, como foi o caso da maioría das iniciativas que a historia chama “revolucións”, ou simplemente constitúen a seguinte xeración, que xa medraba cando as novas realidades estaban completamente establecidas. Se estas persoas non chegaban a ser creadoras de ideas, o que significa que non están inclinadas a criticar e revisar, moitas veces resulta que o mantemento do repertorio que herdaron de etapas anteriores ou xeracións anteriores resúltalles máis importante que os obxectivos para os que este repertorio foi orixinalmente concibido. A separación entre os medios culturais e os obxectivos culturais dá, desta maneira, prioridade plena aos medios sen ningunha consideración crítica sobre a cuestión de se están xustificadas ou se son xustificables en termos de tales obxectivos. Isto non significa que en todos os casos estudados a xente nunca mencione ou fale daqueles obxectivos pero estes nin se confrontan cos medios cos que se supón que han ser conseguidos, nin se acepta que os medios institucionalizados son de feito axeitados para eses obxectivos.

Estou aludindo, por suposto, ante todo a aqueles elementos neses repertorios novos que teñen que ver cunha separación e distinción máis ou menos substancial das comunidades fixadas como obxectivo. Máis que desenvolver ferramentas intelectuais flexibles para facer fronte á situación onde se diagnosticou que a comunidade fixada como obxectivo corre algún perigo, a intelightsia establecida tende con frecuencia a mellorar a iniciativa comezada polos seus precusores. Tal posición foi adoptada repetidamente no curso da historia. En anos máis recentes caracterizou o comportamento das clases dirixentes controladoras de repertorio en comunidades grandes e pequenas, fortes e débiles, por exemplo Francia coas leis protectoras da súa lingua por un lado e os novos estados balcánicos polo outro (Greenberg 2001). Este comportamento incluso recibiu un novo impulso mobilizando medos contra o que popularmente se chama “globalización”. Tales medos estiveron aportando novas posibilidades para mobilizar grupos de activistas e xustificar o cultivo de calquera elemento cultural que se puidese presentar como portador dunha negación simbólica da globalización. Unha cooperación bastante excepcional de radicais políticos e tradicionalistas culturais converteuse na orde do día en moitas comunidades onde, sen ter en conta o seu sentido, eses elementos

marcados foron introducidos no panteón dos “valores”, un termo moito máis en uso por parte das clases dirixentes culturais para indicar eses elementos do repertorio que non se permite que se cambien.

Os recentes acontecementos en Irlanda poden, probablemente, ensinarnos algo sobre o que parece ser un cambio de rumbo discreto nos pasos dados por varias xeracións de construtores culturais, tanto os creadores de ideas innovadores como os empresarios culturais e a intelixencia de xeracións consecutivas. Moitos investigadores de historia irlandesa moderna describiron a inmensa carga que supuxeron os esforzos para introducir de forma xeneralizada a lingua irlandesa na poboación do novo estado irlandés. O coñecemento do irlandés fíxose condición, fose como fose, para ser irlandés en primeiro lugar. Non obstante, isto cambiou e con isto supoñón que moitas outras actitudes cara á separación e á distintividade. Non me sorprendería, en absoluto, saber que este cambio de rumbo realizado de forma plausible por un grupo novo de creadores de ideas e empresarios culturais estaba entre as causas máis chamativas da recente prosperidade social e económica en Irlanda.

Cando dirixín o meu primeiro estudo piloto provisional en Galicia, aló no verán de 1993, non puiden evitar dar-me conta, case de forma inmediata, de que os defensores máis arduos da lingua galega estandarizada eran aqueles que a falaban como unha opción máis que por falta de coñecementos suficientes do castelán. De feito, como tamén indicou Sharon Roseman (Roseman 1995, 1997), moitos dos máis abertos defensores dunha cultura galega separada son xente para a que o castelán era ou ben a súa primeira lingua ou unha que utilizaban con moita fluidez. O significado sociocultural e sociopolítico da castelanización non é obviamente un asunto lingüístico, é dicir, a cuestión de coñecer unha lingua, senón evidentemente un asunto de posición social. Nestes termos a miña conclusión foi que só a xente que adquiría realmente o status sociocultural necesario podía permitirse o luxo de usar o galego. Outros, aínda loitando por gañar este status, non podían atoparlle valor ao galego para acadar ese obxectivo. Desde logo, isto non é un fenómeno excepcional na historia dos movementos de cambio sociocultural; despois de todo, poucos líderes de calquera revolución moderna pertenceron á clase traballadora. Máis tarde, fun capaz de atopar moitas indicacións para o que un podería chamar un sentimento popular calado pero persistente e incluso testán de resentimento en Galicia contra un repertorio galego distintivo, cuxo compoñente máis chamativo foi sen sorpresa ningunha a moderna lingua galega normalizada. Isto non significa necesariamente que a xente non comparta *publicamente* o que se propagou durante décadas e que tivo no seu momento un poder simbólico moi forte especialmente baixo a dictadura de Franco.

As xeracións máis novas de galegos mostran actitudes basicamente pragmáticas cara á súa integración na sociedade, na maioría dos casos animadas e apoiadas totalmente polos pais. As novas circunstancias xa non poden mostrar persecución, humillación ou explotación do poder outorgado por unha lingua non dominada de forma xeneralizada pola maioría da poboación. A descrición descorazonadora en *Sempre en Galiza* de Castelao de “o neno galego” que non pode ter futuro se está obrigado a utilizar a súa lingua non nativa (e que polo tanto estaría redimido se se lle permitise empregar a súa lingua indíxena) xa non se axusta ás realidades da vida na Galicia actual. Condicións similares cambiaron de xeito parecido noutras comunidades similares diversas, como Irlanda ou as Faroe, onde actitudes baseadas nun sentido xa adquirido de toma de conciencia colectiva se gravaron de forma xeneralizada. Por exemplo, segundo o Informe Nauerby a partir dun estudo dirixido no ano 1990 por un comité nomeado polas Autoridades Educativas Locais das Faroe:

Nas escolas [...] estase asociando o faroés cun tempo pasado co que os alumnos non se poden identificar (Jespersen & Mikkelsen 1990: 33 f). O danés, por outra banda, ten o atractivo dunha materia que trata con temas de hoxe e interesantes. O *presente*, noutras palabras, pertence ao danés e o *pasado* ao faroés: “[...] os alumnos nas escolas das Faroe acostúmanse a identificarse cunha cultura allea mentres que se refiren á súa propia cun sorriso indulxente, como algo que nunca conseguiu saír da Idade Media”. (*ibidem*, p. 35; Nauerby 1996: 128-9)

Unha testemuña aínda máis forte de resentimento é expresada por Helen Kelly-Holmes, que tamén analiza o caso como unha experta. Nas súas palabras:

A experiencia de ser socializado nun ideal dunha Irlanda gaélica mediante o ensino excesivo e obrigatorio da lingua irlandesa [...] deixoume cun aborrecemento da sobre-ideoloxización da lingua e da ecuación simplista entre lingua e identidade. [...] O feito de que o irlandés sexa agora a lingua da vida cotiá en Irlanda é, en non pequena medida, debido ao feito de que a lingua foi secuestrada por ideólogos e imbuída de valores, calidades, historias moi arredadas da cultura cotiá vivida polos individuos. [...] Ao medrar en Irlanda, os imperialistas culturais vivían en Dublín, non en Londres ou Hollywood. Isto non era simplemente o sentir entre moitos dos meus compañeiros ao aprender irlandés como segunda lingua na escola, o resentimento era ás veces quizais maior na zona irlandesa parlante: “O fracaso ao reconciliar o nacionalismo romántico e o mito nacionalista coas realidades da vida das zonas onde se fala irlandés (*Gaeltacht*) ten sido un elemento chamativo no fracaso á hora de salvar a lingua. Hai pouco terreo común entre os traballadores das zonas onde se fala irlandés (*Gaeltacht*) que ven a lingua como unha ferramenta a substituír por outra mellor cando se volve obsoleta, e os nacionalistas que cren que os irlandeses deberían falar irlandés porque son irlandeses e sen ter en conta consideracións utilitarias. (Hindley 1990: 212; Kelly-Holmes 1997: 168-9)

A miña valoración do caso galego está de feito totalmente apoiada por Henrique Monteagudo e Xosé Manuel Núñez Seixas nun artigo relativamente recente (2001), aínda que, naturalmente, non en termos explícitos. Atopo a seguinte pasaxe do máis crucial para o meu punto de vista:

Existe el riesgo de que el nacionalismo gallego del siglo XXI se convierta en un movimiento votado y apoyado por neoconvertidos al idioma gallego de lengua inicial castellana y residentes en zonas urbanas. Pero, dado que se trata de un idioma neolatino y de fácil adquisición para un castellanohablante, todo sigue siendo posible. Incluso que nuevas generaciones, imbuidas de nacionalismo, o sencillamente, de una consideración socialmente positiva de su identidad étnica, recuperen conscientemente el idioma que sus abuelos quisieron abandonar. (Monteagudo e Nuñez 2001: 65)

A discrepancia entre o ritual de vida da xente normal e os proxectos visionarios concibidos por xeracións previas de creadores de ideas e secundados pola intelixencia de xeracións subseguintes parece estar tan de manifesto aquí que incluso esa xente leal á causa da lingua galega como os autores deste artigo na súa capacidade como expertos especializados e conciencizados non poden ignorar. Como leais á lingua galega perciben o destino do galego en termos de “optimismo” e “pesimismo”. Pola contra, como investigadores entenden plenamente o paradoxal da situación aínda que, de ningunha maneira, non único na historia do nacionalismo moderno, e é que a xente dedicada de forma máis resoluto a unha certa causa debería ser a que fose recrutada, máis que aqueles a quen lles parecía que toda a iniciativa debería ser posta en marcha en primeiro lugar.

As eleccións e as tarefas que os creadores da decisión a todos o niveis e de calquera marca teñen que afrontar hoxe en día, especialmente en comunidades onde as distancias culturais se deben facer máis flexibles se esas comunidades non desexan caer nun calellón sen saída, comprensiblemente son difíciles e as máis das veces insoportables. É moi probable que non poidan ser solventadas por ningunha intelixencia, cuxa tarefa principal é perpetuar as solucións herdadas dos seus predecesores, que con frecuencia perderon a súa validez. Non é improbable, especialmente se unha das consecuencias da actividade da industria de ideas foi a xeración de enerxía, que a última solución finalmente sexa aplicada sen os esforzos dos intelectuais ou incluso a pesar dos mesmos e outra xente con intereses investidos en capitais culturais. A “xeración de enerxía” significa, en termos concretos e simples, que cada vez menos xente dentro dunha certa comunidade ten medo a tomar decisións e adoptar responsabilidades tanto para a súa propia vida como para a daqueles que viven no seu contorno inmediato. Supoño que se isto foi o que ocorreu en Irlanda, non é improbable que tamén poida ocorrer en outros moitos lugares.

Tradución: Susana Fernández de Gabriel

NOTAS

- 1 A miña primeira investigación sobre a planificación deliberada da cultura hebrea en Palestina no período entre 1882 e 1948 foi presentada nunha conferencia en 1978 e posteriormente foi publicada en 1980, 1987 e 1990 (Even-Zohar 1990; versión castelá, Even-Zohar 1997)

Referencias bibliográficas

Bourdieu, Pierre

- 1983 [1972] "Public Opinion Does Not Exist", en *Communication and Class Struggle*. Vol. 1, editado por Armand Mattelart e Seth Siegelau: 124-30.

Even-Zohar, Itamar

- 1990 "The Emergence of a Native Hebrew Culture in Palestine, 1882-1948" *Polysystem Studies* [= *Poetics Today* 11:1]: 175-91.
- 1999 "El nacimiento de una cultura hebrea nativa en Palestina: 1882-1948". Traducción de Montserrat Iglesias Santos revisada polo autor. En *Teoría de los Polisistemas*, Estudio introductorio, compilación de textos e bibliografía por Montserrat Iglesias Santos. [Bibliotheca Philologica, Serie Lecturas] Madrid: *Arco*, pp. 183-205.
- 1995 "Planificación da cultura e mercado", *Grial* 126: 181-200.
- 2003 "Idea-Makers, Culture Entrepreneurs, Makers of Life Images, and The Prospects of Success". Relatorio pronunciado no Trinity College, Hartford o 10 de marzo do 2003.

Galtung, Johan

- 2002 "The Role of the Intellectual II-This Time as Other-Criticism", en *Higher Education in Europe*. Vol. XXVII, n.^{os} 1-2: 65-8.

González-Millán, Xoán

- 2000 *Resistencia cultural e diferenca histórica: a experiencia da subalter-
nidade* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Greenberg, Robert D.

- 2001 "Language, Nationalism, and the Yugoslav Successor States", en *Language, Ethnicity and the State*. Vol II, editado por Camille O'Reilly: 17-43 (Hampshire, Nova York: Palgrave).

Guibernau i Berdún, Montserrat

- 1999 *Nations without States: Political Communities in a Global Age* (Cambridge, UK Oxford Malden, MA: Polity Press Blackwell Publishers).

Hamon, Hervé & Rotman, Patrick

- 1981 *Les intellocrates: Expéditions en haute intelligentsia* (París: Ramsay).

Hechter, Michael

- 1992 "The Dynamics of Secession", *Acta Sociologica* 35: 267-83.

Hechter, Michael & Okamoto, D.

- 2001 "Political Consequences of Minority Group Formation", *Annual Review of Political Science* 4: 189-215.

Hindley, R.

- 1990 *The Death of the Irish Language: A Qualified Obituar* (Londres: Routledge).

Jespersen, P. & J. Mikkelsen, eds.

- 1990 Føroyskt mál og støða tess í hf- og studentaskúlanu. Skráseting og tilráðing, ið nevnd, sett av landsskúlastjóranum, hevur gjørt (Tórshavn: Føroya skúlabókagrunnur).

Kelly-Holmes, Helen

- 1997 "Language Maintenance or Language Fetishisation? A Response to Michael Clyne", en *Current Issues in Language & Society*. Vol. 4, n.º 2: 167-71.

Landau, Jacob M.

- 1984 *Atatürk and the Modernization of Turkey* (E. J. Brill, Leiden).

Larrivé, Pierre

- 2003 *Linguistic Conflict and Language Laws Understanding the Quebec Question*, editado por Pierre Larrivé (Houndmills, Basingstoke, Hampshire, Nova York: Palgrave Macmillan).

Lewis, Bernard

- 1968 *The Emergence of Modern Turkey* (Londres: 1968).

Michael, John

- 2000 *Anxious Intellectuals Academic Professionals, Public Intellectuals, and Enlightenment Values* (Durham: Duke University Press).

Monteagudo, Monteagudo e Núñez Seixas, Xosé M.

- 2001 “La política de la lengua en Galicia: De la reivindicación nacionalista a la planificación gubernamental”, en *Políticas lingüísticas. Norma e identidade: estudos de casos y aspectos teóricos en torno al gallego, el español y lenguas minoritarias*, editado por Roberto Beln e Joachim Born: 33-65 (Buenos Aires: Universidad de Buenos Aires).

Nauerby, Tom

- 1996 *No Nation is an Island Language, Culture and National Identity in the Faroe Island*, North Atlantic monographs (Arhus, Denmark: SNAI-North Atlantic Publications Aarhus University Press).

Núñez, Xosé M.

- 1997 “National Reawakening Within a Changing Society: The Galician Movement in Spain (1960-97)”, *Nationalism & Ethnic Politics*. Vol. 3, nº 2 (verán): 29-56.

Ó hÍfeárnáin, Tadhg

- 2000 “Irish Language Broadcast Media: The Interaction of State Language Policy, Broadcasters and their Audiences”, *Current Issues in Language & Society*, 1 October 2000, vol. 7, n.º 2: 92-116.

O'Reilly, Camille

- 1999 *The Irish Language in Northern Ireland the Politics of Culture and Identity* (Nova York Houndmills, Basingstoke, Hampshire: St. Martin's Press Macmillan).

O'Reilly, Camille, ed.

- 2001 *Language, Ethnicity and the State*. Vols. I+II (Hampshire, Nova York: Palgrave).

Posner, Richard A.

- 2003 *Public Intellectuals: A Study of Decline. With a New Preface and Epilogue* (Cambridge, Mass.: Harvard University Press).

Pritchard, Stephen

- 2000 "Essence, Identity, Signature: Tattoos and Cultural Property", *Social Semiotics*, Vol. 10, n.º 3: 331-46.

Roseman, Sharon R.

- 1995 "'Falamos como falamos': Linguistic Revitalization and the Maintenance of Local Vernaculars in Galicia", *Journal of Linguistic Anthropology* 5(1): 3-32.

Roseman, Sharon R.

- 1997 "'Lenguas de solidaridad' en el medio rural: El mantenimiento del gallego vernáculo", en *As linguas e as identidades: Ensaio de etnografía e de interpretación antropolóxica*, editado por Xaquín Rodríguez Campos (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Roy, Donald H.

- 2001 *The Dialogic Resurgence of Public Intellectuals* ([S.l.]: Xlibris).

Sigurðsson, Gísli

- 1996 "Icelandic National Identity: From Romanticism to Tourism" en *Making Europe in Nordic Contexts* editado por Pertti J. Anttonen: 41-75 (Turku: Nordic Institute of Folklore —University of Turku).

Tägil, Sven

- 1995 *Ethnicity and Nation Building in the Nordic World* (Carbondale, IL: Southern Illinois University Press).